

BASES DO CONCURSO “O PIRATA XAN MARTIÑO E OS COFRES DO PORRIÑO”

- 1- O concurso “O PIRATA SAN MARTIÑO E OS COFRES DO PORRIÑO” é unha iniciativa do Centro Comercial Aberto do Porriño “Morea” e da Asociación de Comerciantes e Industriais do Porriño (ACIPOR) para celebrar a volta ao cole dos nenos e nenas do Porriño.
- 2- O concurso consiste nunha serie de preguntas sobre os diferentes comercios que participan no concurso a través de dunha serie de preguntas e acertixos rimados nos que os participantes terán que ir resolvendo as preguntas e apuntando as respostas na ficha descargable. Ao remate do concurso, os participantes deberán cumprimentar os seus datos de contacto na ficha e presentala en calquera dos establecementos participantes na campaña.
- 3- As fichas recibiránse en ACIPOR, que procederá a realizar un sorteo entre os participantes de 2 cofres do tesouro, con moitos agasallos para os gañadores do concurso.
- 4- O concurso dará comezo o luns día 21 de Setembro e rematará o venres 26 de setembro. Os participantes deberán acudir á páxina de Facebook “CCA MOREA” para acadar diariamente as pistas e poder así ir cumprimentando a ficha de respostas.
- 5- A ficha de respostas poderá descargarse na páxina web www.acipor.com na sección Noticias, na entrada correspondente a o concurso.
- 6- Poderán participar no concurso nenos e nenas do Porriño con idades comprendidas entre os 7 e 12 anos.
- 7- Unha vez recopiladas todas as fichas de participación, realizarase o sorteo na sede de ACIPOR, coa presenza da presidenta e xerente da mesma, que seleccionarán aleatoriamente, 2 gañadores/as entre os nenos e nenas participantes.
- 8- En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, Real Decreto 1720/2007, de 21 de Decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999 e demais normativa de desenvolvemento da mesma (en diante LOPD), informámoslle de que todos os datos persoais e información que poida facilitarnos, no seu caso, a ACIPOR para participar en no presente concurso, así como calquera outra información e/ou documentación que puidese remitirnos ou facernos chegar, independentemente do formato da mesma e do medio no que se efectúe serán incorporados a un fichero de datos de carácter persoal titularidad de ACIPOR, e serán destruídos tan pronto se resolva o mesmo.